



Xan Guindán

Xan Guindán quere casar
non ten a muller buscada,
foille faghe-lo amor
á filla da tía Xuana.

“Buenas noites, tía Xuana,
¿i-onde lle vai a rapaza?”
“Foi busca-lo gas pra noite,
xa me parece que tarda.”

Entrou a meniña
pola porta para dentro:
“Buenas noites, Xan Guindán,
traígoche no pensamento.”

“Tú diralo de risas
pero eu dígocho de veras
hai un ratiño que estou
a quecer eiquí as canelas.”

“¿E logo tes muito frío?”
“Nunca Dios tanto me dera,
seica me querías quecer
ahora pra primavera.”

“Lo, ¿quén cho dixo?
Dixocho o noso señor.”
“Eu queríame casar,
véñoche face-lo amor.

Eu sonche solíño,
non teño con quen partir,
eu riquezas non as teño,
mais habemos de vivir.

Teño unha cabra mui boa
que trougo cuatro cabritos,
ai, que mentres dous mamaban
os outros andan os brincos.



Vendinos por cuatro duros,
téñoos guardados pra voda,
se me queres dimo axiña
non esteas faiendo a burla.”

“Eu casar ben me casaba
pero tamén che hei contar,
teño unha saia a faer
e teño a lán se fiar,

teño os zapatos todos rotos
i o pano todo furado,
se tes quartos cómprame un,
casaremos de contado.”

Fixeron as municións
como o uso acostumbrado,
entregáronllas ó cura
que llas lese de contado.

I o cura logo llas leu
no ofretorio da misa
i a xente que alí estaba,
todo lle serviu de risa.

O padriño i a madriña
i o cura i o sancristán
encheran o corpo de risa
por feitos do Xan Guindán.

A nena era noviña
i o pañuelo inda servía,
i ela sí que viu que tal
dixo que non o quería.

O Xan Guindán quedou teso
coma as berghas do canizo,
deu a volta pra súa casa
nin siquera adiós lle dixo.

Alerta, alerta, mociñas,
as que seades bonitas,
que os mozos tíranse ás mozas
como os raposos á pita.